

CIG-Ensino e outros sindicatos instamos á Consellaría a rectificar na demanda da recuperación do horario lectivo

A mobilización do profesorado esixe que a Consellaría mova ficha e remate coa negativa a negociar e ao inmovilismo



Cunha concentración ás portas da representación sindical da **CIG-Ensino** e as demais organizacións ás portas da EGAP, onde se celebraba Mesa Sectorial, e co despregue dunha faixa reivindicativa durante a propia Mesa, evidenciamos hoxe que nin as organizacións sindicais nin o profesorado no seu conxunto estamos dispostas a dar marcha atrás nas nosas demandas de mellora das condicións laborais e na recuperación do

noso **horario lectivo de 18 e 21 horas** en secundaria e primaria respectivamente.

A protesta serviu de antesala ao desenvolvemento da propia Mesa e evidenciou novamente a soidade e a prepotencia na que se move a Consellaría.

Para a **CIG-Ensino**, unha vez confirmada a negativa dos responsábeis a ter en conta a resposta do profesorado na folga do 12 de

decembro, só se pode concluír que **o único responsábel da situación actual é o presidente Feijóo** e damos por pechada calquera posibilidade de interlocución con quen está á fronte da Consellaría, pola incapacidade notoria demostrada nos últimos meses e dirixirémonos directamente ao presidente da Xunta.

A resposta do Director Xeral, reiterando as excusas presentadas pola conselleira no seu día non deixan lugar a dúbidas: terá que ser o profesorado quen obrigue á Xunta a ser respectuosa co noso traballo e profesionalidade e devolvernos os dereitos arrebatados, a comezar polo horario lectivo.

Críticas da CIG por non incluír na Mesa a orde de convocatoria das oposicións

A CIG-Ensinou amosou na Mesa o seu malestar polo feito de que a día de hoxe a Consellaría non teña xa o borrador da convocatoria e a

distribución das prazas. Despois de todo o tempo transcorrido non pode existir excusa para non ter xa a proposta enriba da mesa.

Preguntamos tamén por se teñen pensado ter en conta algunha das propostas que presentamos na Mesa da oferta de emprego, nomeadamente a oferta de Portugués para PES e o cambio de corpo docente en Galego para EOI.

Só confirman que a Mesa para tratar sobre as oposicións será o 18 de febreiro, sen adiantar ningunha outra información.

Vacantes CXT. Solicitamos unha reunión da comisión técnica nacional

A CIG-Ensinou instou á subdirección xeral a convocar unha reunión da comisión para revisar tanto vacantes que non foron atendidas polas inspeccións nas xefaturas territoriais e que consideramos que están xustificadas como para revisar erros que nos trasladan desde os centros. Cremos que o



momento oportuno é agora, procurando que os posibles cambios se produzan antes da adxudicación provisional.

A Consellaría informa que a resolución provisional do CXT podería saír xa a finais desta semana. O subdirector xeral afirma que non haberá reunión técnica nos servizos centrais, limitando o seu compromiso a revisar as reclamacións que lle mandemos.

Para a CIG isto é totalmente insuficiente e, de feito, é unha marcha atrás no bo traballo feito nos cursos anteriores.

Indefensión dos cargos directivos e do profesorado dos centros pola ausencia de protocolos. Dos temporais ás obras nos centros.

Tanto pola non asunción de responsabilidades habitual nos casos de temporais como nos problemas que se poden causar por defectos de infraestruturas nos centros, como aconteceu recentemente en Sarria, as equipas directivas e o profesorado en xeral está totalmente abandonado. Ben porque non se dan instrucións concretas sobre a suspensión de aulas ou ben porque se pretende modificar as decisións que toman as direccións, a sensación de indefensión é total ante estes casos.

Tanto o Director Xeral de Persoal como o de Educación e Innovación, presentes na Mesa, descargan toda responsabilidade na xestión destes temas na Secretaría Xeral Técnica da Consellaría. O caso é botar balón fóra.

Veto parental: de como o fascismo quere controlar as aulas e a Consellaría mira para outro lado

En toda a polémica creada polas campañas promovidas por HAZTER OÍR (ariete e

vanguardia da homofobia e o machismo desde o ultracatolicismo) e VOX, coa conivencia do PP, é impresentábel que a Consellaría non tivese feito un comunicado institucional en defensa do profesorado e da nosa liberdade de cátedra. Lamentamos o silencio cómplice da Xunta que só se pode entender pola posición do PP en todo este tema.

Ceses e cambios nos nomeamentos de persoal interino na FP Dual

Ao longo do curso xa interpelamos varias veces á Subdirección Xeral polos problemas que detectamos nos nomeamentos de persoal interino ou substituto que cobre postos de quen está con liberación para “dinamización” da FP Dual. A Consellaría adquiriu o compromiso de que ninguén sería cesado. Malia iso existe cando menos un caso no que se lle acaba de comunicar o cese con data 31 de xaneiro. Solicitamos que ningún contrato de interinidade sexa anulado e se busque unha solución para a persoa ou persoas afectadas.

Por outro lado temos información de que algúns contratos teñen data de remate a 31 de xullo cando as incorporacións dos titulares non se producirían até setembro. Se é así, solicitamos que se estendan os contratos até cando corresponde.

Van revisar as alegacións e reclamacións que lle presentemos. Afirman que os substitutos teñen que cesar a 30 de xuño.

Discriminación dos centros educativos con poucas unidades

Somos conscientes e así o temos denunciado en varias ocasións que a Consellaría debería ter máis en conta o traballo que se realiza en centros pequenos (EEI, CRA ou CEIP con

pouca matrícula). A ausencia de dotación de profesorado suficiente e as propias normas legais actuais, tanto a efectos de pago de complementos como de redución horaria no caso de cargos directivos, provoca unha sobrecarga de traballo maior se cabe do que se produce en centros de maiores dimensións. A CIG-Ensino insta á Consellaría a revisar os cadros de persoal destes centros e a incrementar o apoio aos seus equipos directivos e profesorado en xeral. **Non pensan introducir cambios.**

Criticas da CIG-Ensino pola xestión das axudas do Pacto de Estado contra a violencia de xénero

Os centros recibiron nestes días unha comunicación pola que se lles indica que teñen que modificar as contas do 2019 porque unha segunda partida deses fondos non foi aínda ingresada nin se sabe data prevista. Non casos dos centros que xa fixeron o gasto debe rectificar e incorporalo a outro materiais inventariábeis. Cremos que non é serio este proceder e pedimos explicacións. **Escúsanse nun retraso na recepción dos fondos e indican que só é unha cuestión interna de como asignar os gastos mais que non supón ningunha irregularidade**

33 horas de clase nun IES por culpa do transporte escolar: inadmisíbel.

O IES de Celanova ten agora mesmo 33 horas lectivas para o seu alumnado en vez das 32 preceptivas. O ano pasado, coas mudanzas do transporte, houbo reunións coas Xefaturas Territoriais de Ourense de Educación e Infraestruturas e non solucionaron o problema e este ano segue todo igual. Xa nos parece un exceso que o transporte escolar condicione os horarios de inicio ou remate das aulas mais o que non se pode permitir é que se amplíe ou reduza o horario lectivo. A Consellaría de Educación ten que buscarlle unha solución inmediatamente.

Din descoñecer a situación e dubidan que se dean 33 horas de aulas xa que, afirman, non sería legal e que seguramente se trata de que “o alumnado teña que quedar unha hora máis no centro”. Para a CIG-Ensino nin sequera iso estaría xustificado e non se pode “castigar” o alumnado dese centro e quedar no centro unha hora máis para beneficiar a unha empresa do transporte escolar. **A Consellaría afirmou que revisarán a situación.**

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, Baixo
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasertería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal